

## IMPULSO Á DIXITALIZACIÓN DAS PEMES AGROALIMENTARIAS DO GDR

### RIBEIRA SACRA-COUREL

#### Cal é o obxectivo deste programa?

A situación actual consecuencia da Covid-19 trouxo consigo un cambio nos hábitos do consumidor e a aceleración de novas formas de comercialización, como é a través do mundo dixital, o que plantexa un gran desafío ás empresas, especialmente ao pequeno produtor. A través deste programa preténdese apoiar a **dixitalización das empresas agroalimentarias que forman parte do GDR para a súa adaptación ás novas formas de comercialización, a través da venda online e o posicionamento na rede.**

#### En que consistirá?

##### 1. Seleccionaranse 14 empresas agroalimentarias en base aos seguintes criterios:

- Que o produto ou servizo sexa comercializable en formato online
- Que haxa representación de empresas de todos os concellos que compoñen o GDR
- Que haxa representación equilibrada dos sectores presentes no territorio do GDR
- Motivación e interese mostrados
- Necesidades e melloras percibidas polo equipo técnico do proxecto
- Disposición de recursos informáticos necesarios para a dixitalización (ordenador de traballo, teléfono Smartphone, conexión a internet)
- Competencias dixitais básicas

##### 2. Asesoramento individualizado a cada empresa a través de 3 sesións\*:



\*Sempre que sexa posible a primeira sesión realizarase de forma presencial e nas sesións segunda e terceira empregárase o formato online, a través de videoconferencia en directo co técnico asignado a súa empresa.

Os asesoramentos realizaranse dende o 29 de setembro ao 29 de outubro e a data e hora será acordada coa empresa a asesorar segundo a súa dispoñibilidade.

### 3. Accións formativas grupais

Realizaranse 3 sesións en formato online adaptadas ao nivel de dixitalización da peme e as súas necesidades e recursos:

- I. Cambios no comportamento do consumidor e conexión co consumidor a través das redes sociais. A propina dixital. (1 h de duración aproximadamente)
- II. Novos modelos de negocio que se están a desenvolver e descubrimento de novos canais de venda online. (1 h de duración aproximadamente)
- III. Mellora do posicionamento na rede e nos buscadores de contido. (1 h de duración aproximadamente)

Datas de realización (provisionais):

Mércores 14 de outubro ás 16:00 h

Mércores 21 de outubro ás 16:00 h

Mércores 28 de outubro ás 16:00 h

### 4. Premio

Entre as participantes e asesoradas seleccionárase unha, en base ao traballo realizado en dixitalización ao longo do proxecto e o interese mostrado no mesmo. A empresa premiada levarase un pack co seguinte contido:

- Difusión e repercusión en redes sociais do seu modelo de negocio dixitalizado para impulsar o seu posicionamento e dar a coñecer o seu caso de éxito en dixitalización como peme do GDR Ribeira Sacra.
- Sesión online individual a maiores para seguir profundizando na dixitalización do seu negocio.

## FOLLA DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN

### GDR RIBEIRA SACRA-COUREL: IMPULSO Á DIXITALIZACIÓN DAS PEMES AGROALIMENTARIAS

Nome da empresa:	
CIF:	
Describe o tipo de produto/servizo do seu negocio: (Especifique a súa especialidade ou produto estrela)	
Indique en que concello radica o seu negocio	
Que retos afronta a súa empresa como consecuencia da da crise provocada polo Covid-19?	
Indique cales son as súas motivacións para participar neste programa	
Indique se dispón de páxina web, tenda virtual e cales son os seus canais habituais de comercialización	
Ten previsto a curto prazo (3-6 meses) realizar algún tipo de inversión en comercio on line	
Indique número persoas empregadas	
Enderezo:	
Teléfono(s) de contacto:	
Correo electrónico:	
Persoa Contacto. Nome e Apelidos:	

A través deste formulario, este establecemento solicita a súa adhesión ao proxecto "Impulso á dixitalización das pemes agroalimentarias do GDR Ribeira Sacra-Courel," manifestando a súa dispoñibilidade para participar nas diferentes actividades ao longo do proxecto así como a autorización a que a información creada no propio proxecto, ao estar financiada con fondos públicos polas entidades que arriba se indican, estea dispoñible aos organismos que a soliciten co fin de realizar as oportunas comprobacións. Para que conste, asina o representante do establecemento:

Asinado:

Data: